

RESOLUCIÓN

ASUNTO: NOVA CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, DUN PEÓN/A FORESTAL PARA O OBXECTO "LIMPEZA FORESTAL" NO CONCELLO DE CURTIS MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN. APROL RURAL 2025.

EXPEDIENTE: 2025/G003/000424

Exp. Persoal: 2025/E001/000006

Javier Francisco Caínzos Vázquez, alcalde do Concello de Concello de Curtis, (A Coruña),

ANTECEDENTES

Mediante Decreto da Alcaldía número 343/2025 de data 13/06/25 aprobaronse as bases do proceso de selección dun peón forestal do programa Aprox Rural 2025, ao abeiro das subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprox Rural) e se procede a súa convocatoria para o exercicio 2025 (DOG núm. 50, do 13 de marzo).

En cumprimento da base cuarta, este Concello de Curtis presentou oferta na oficina de emprego de Betanzos a efectos de que a mesma, logo da oportuna sondaxe de demandantes, presentase aos candidatos seleccionados. Non obstante, na relación de candidatos tan só contiña a unha aspirante, dona Kenatha Zereiby, a cal presenta a súa renuncia a participar no proceso selectivo con data 02/07/25 nº RE 1809.

De igual xeito, consta no expediente unha solicitude de participación no proceso selectivo de don Francisco Javier Vales Mosquera, presentada con data 30/06/25 nº RE 1776, a cal non se ten en conta posto que non cumpre os requisitos establecidos na base terceira apartado tres, é dicir, non se trata dun dos candidatos previamente seleccionados polo Servizo Público de Emprego, polo que non pode participar no proceso de selección.

En base ao anterior, e posto que non existe candidato algún para participar no proceso selectivo, no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local vixente, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Declarar deserto o proceso selectivo para o procedemento selectivo mediante oposición, para contratación laboral temporal, dun peón/a forestal para o obxecto "limpeza forestal" no concello de curtis mediante o sistema de oposición, ao non existir aspirantes para o proceso de selección.

SEGUNDO.- Dar publicidade á presente resolución mediante anuncio na páxina web (www.curtis.gal) e no taboleiro de anuncios electrónico.

Documento asinado dixitalmente na data que figura na marxe.

O Alcalde

Javier Francisco Caínzos Vázquez

Dou fe, o Secretario accidental

Óscar López Figueroa

(Decreto 336/2025)